

Adenda da programación didáctica

2º ESO

MATEMÁTICAS

Segundo o establecido na ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE:

1. Introducción e contextualización.
2. Avaliación e cualificación.
 - 2.1 Metodoloxía e actividades para o período final do terceiro trimestre.
 - 2.2 Metodoloxía, actividades e medidas para atención a diversidade (acnee).
3. Información e difusión.

1. Introducción e contextualización:

A Orde do 27 de decembro de 2022 fixo que tiveramos que adaptar as programacións didácticas da etapa da ESO aos cambios que de ela derivan.

A normativa establece que o alumnado da ESO ten dereito a tres avaliacións parciais e a unha avaliación final. Polo tanto os departamentos teñen que organizar as distintas *actividades de recuperación* para o alumnado que non superara algunha parte dunha materia.

Isto realizarase sempre antes da data establecida no centro para a sesión de avaliación parcial e final, que se levarán a cabo nunha mesma e única sesión.

O grupo de segundo da ESO está formado por un total de 10 alumnos e alumnas, dos cales dous precisaron reforzo para afrontar a materia..

Nesta terceira avaliación, dadas as novas circunstancias, pasamos a describir como afrontaremos estas últimas sesións do curso.

2. Avaliación e cualificación.

2.1 Metodoloxía e actividades previstas para o período final do terceiro trimestre.

Antes de rematar o terceiro trimestre, o alumnado que non teña superada a materia ou algunha parte da mesma, daránselle material que precise co obxectivo de preparar o examen final e/ou farán traballo/proxecto que terán que presentar/entregar. Para elo dedicarase as clases correspondentes de Matemáticas, e se fose necesario, terán que rematar na súa casa.

O alumnado que teña superadas (con nota superior ou igual a 5) todas as probas escritas, continuará co traballo ata o último día de clase, e se terá en conta para a nota final.

2.2 Metodoloxía, actividades e medidas para atención a diversidade (acnee).

O alumnado que precise dun reforzo, terá unha atención, dedicación e material adaptado (se foxe preciso), coa finalidade de que poida chegar a alcanzar os obxetivos da materia.

3. Información e difusión.

O alumnado que teña que recuperar a materia ou parte dela recibirá un informe individualizado a principios do mes de Xunio no que se lle especificará o xeito e contido da materia pendente.

Estas modificacións comunicaranse ao alumnado e quedarán expostas na aula da clase para a súa consulta. Do mesmo xeito será unha información pública que quedará a disposición de toda a comunidade educativa na páxina web do centro.